



**3º INFORME DE AVALIACIÓN DA SUBCOMISIÓN TÉCNICA DELEGADA
DA COMISIÓN MUNICIPAL DE DESAFIUZAMENTOS**
MAIO 2013

Jesús López Agra, pedagogo da área de Benestar Social do Concello de Culleredo, en calidade de secretario da Subcomisión técnica delegada da Comisión de desafiuzamentos,

INFORMA QUE:

1º Este informe abrangue desde a creación da Comisión municipal de desafiuzamentos, o 26 de Decembro de 2012, ata o 3 de Maio de 2013.

2º Sobre a avaliación das actuacións realizadas cos casos de unidades familiares que foron derivadas polas 3 UTES municipais á Subcomisión Técnica, fai o seguinte balance:

- a) Remitíronse un total de **28 casos** de unidades familiares con problemática de risco de perda de vivenda ou xa desafiuizados (datos a 2 de maio de 2013), dos cales 21 atópanse abertos, **6 rematados** con cumprimento dos obxectivos propostos, e **1 pechado** por distintas circunstancias.
- b) Dos 21 **casos abertos**, 10 atópanse nun proceso de apoio na mediación bancaria, 8 en proceso de seguimento dos mesmos despois de realizar distintas actuacións e 3 están valorados pero atópanse en lista de agarda por distintas situacións persoais existentes.
 - Dos 21 casos abertos, 13 son de risco de perda de vivenda por impago de préstamo hipotecario, ou situación próxima de non poder fazer frente ao pago da cuota; 5 tamén en risco de perda de vivenda son por motivos de impago de alugueiro, e 2 xa desafiuizado pendente de revisión de débeda pendente.
- c) En canto á media de membros das unidades familiares traballadas esta atópase en 3,48 persoas, case un punto superior á media na área coruñesa, baixa una décima con respecto ao informe anterior.
- d) Dos 28 casos, 27 pertencen á zona urbana (Vilaboa, A Corveira, O Burgo e Fonteculler) e 1 á zona rural (Celas de Peiro).
- e) Os importes da débeda oscilan entre os 3.600 e os 200.000 euros.

3º Neste período leváronse a cabo as seguintes actuacións de sensibilización e información á cidadanía:

- a) 3 de abril no Centro Social de Fonteculler: Xornada informativa "Crédito fácil: a que custe?. Que non te enganen", xornada dirixida á previr á cidadanía na contratación de créditos "fáciles" ou "rápidos".
- b) 11 de abril no Pazo de Vila Melania: Foro hipotecario, organizado por Adicac coa colaboración da Comisión Municipal de Desafiuzamentos de Culleredo, coa finalidade de informar desde unha perspectiva política, extraxudicial e xudicial das novedades en materia hipotecaria derivadas de impagos ou risco de perda de vivenda habitual.

Culleredo, 3 de maio de 2013

Asdo. Jesús López Agra

Pedagogo da área de Benestar Social

VºPrace

A Concelleira de Benestar Social
e Dinamización Local

Asdo: Raquel Jabares Fernández

EXPLOTACIÓN DE DATOS. 2ª AVALIACIÓN DOS TRABALLOS DA SUBCOMISIÓN TÉCNICA DELEGADA. ABRIL 2013

ESTADO DOS CASOS:

I. Categorías:

Caso 1: AB(MB)/RDH(Solicitada e admitida dación en pagamento e a agarda de solicitude de alugueiro social sobre a mesma vivenda)

Caso 2: TM(Deciden aceptar un ano de carencia)

Caso 3: AB(MB)/RDH(Autorización venda inmoble-Vivenda prezo tasado por parte do IGVS, e pendente de venta do inmoble)

Caso 4: TM (Renegociación de cuotas, acordes agora con ingresos familiares)

Caso 5: AB(MS)/RDH (Pendente tramitacións con entidade financeira)

Caso 6: PCH(OM) (Pechado por levar o caso por vía avogacía privada)

Caso 7: TM (Desafiuizado, comprobación e revisión de débeda pendente)

Caso 8: AB (MS) (Desafiuizado, pendente comprobación e revisión de débeda)

Caso 9: AB(MS)/RDH (Pendente toma de decisión persoal sobre camiño a seguir)

Caso 10: AB(MB)/RDH (Búsqueda de alternativas de pagamento coa entidade bancaria)

Caso 11: AB(MB)/RDH (Agardando resposta da entidade bancaria)

Caso 12: LA

Caso 13: AB(MS)/RDH (Renegociación bancaria pendente de revisión de documentación por parte de ADICAE)

Caso 14: TM (Renegociación cuota alugueiro con propietario, adaptación a ingresos)

Caso 15: AB(MS)/RDA (En proceso de búsqueda de alternativa de aloxamento por risco de desafiuamento de alugueiro)

Caso 16: AB(MB)/RDH (Denegada a dación en pagamento, búsqueda de ampliación do plazo coa entidade bancaria)

Caso 17: PCH (FC) (Pechado por falta de colaboración)

Caso 18: AB(MS)/RDH (Pendente achega de documentación)

Caso 19: TM (Cambio de situación de ingresos que leva a poder pagar cuotas alugueiro)

Caso 20: AB(MB)/RDH (Solicitada eliminación da cláusula solo)

Caso 21: AB(MB)/RDH(Solicitada eliminación da cláusula solo)

Caso 22: AB(MS)/RDA (Primeira reunión coa usuaria)

Caso 23: LA

Caso 24: LA

Caso 25: TM (Denegación por parte do usuario de alternativas posibles)

Caso 26: AB(MB)/RDH (Denegada dación en pagamento, búsqueda de outras vías de renegociación)

Caso 27: AB(MS) (Feita a dación no ano 2008, agora reclama un fondo a débeda pendente)

Caso 28: LA



Notas proceso:

- AB (Aberto) --> MB(Mediación bancaria)
--> MS(Mediación seguimiento persoal)
- PCH (Pechado)--> FC(Falta de colaboración)
--> OM (Outros motivos)
- TM (Cumprimento de obxectivos)
- LA (Lista de agarda)
Tipoloxía
- RDH (Risco desafiuamento hipotecario)
- RDA (Risco desafiuamento alugueiro)
- AFV (Alternativa Fondo de Vivenda)

II. Media importe da débeda: 99.500 euros

III. Nº membros unidade familiar: 3,48 membros

ENTIDADES FINANCEIRAS-HIPOTECAS



Núcleos poblacionais

